



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

DECLARACIÓN RESPONSABLE CACHARELAS DE SAN XOÁN 2026

SOLICITANTE:

NOME E APELIDOS: _____

DNI / NIF / CIF: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO: _____ CORREO ELECTRÓNICO: _____

REPRESENTANTE:

NOME E APELIDOS: _____

DNI / NIF: _____ TELÉFONO: _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que con motivo das tradicionais cacharelas que de forma típica se celebran en toda Galicia na noite de San Xoán, estou interesado/a en facer unha fogueira a tarde /noite do día 23 de xuño de 2026 a partir das _____ horas, en (indicar lugar) _____

Que me comprometo ó cumprimento e adopción de todas aquelas medidas de seguridade para a prevención de incendios forestais (Decreto 105/2006, do 22 de xuño de 2005), coa responsabilidade que puidera derivarse no incumprimento das mesmas, e en todo caso:

- * Habrá sempre xente ó lado do lume e terán auga suficiente para apagar o lume en caso necesario.
- * O lume acenderase despexado de posibles riscos de programación. Unha vez rematado, apagaranse os restos de brasas ata a súa extinción total e deixarase o lugar limpo de refugallos.
- * A cacharela non se instalará en zona de dominio público. Os responsables encargaranse de que o lugar sexa axeitado para facer a cacharela.
- * Os organizadores coñecen os números de teléfono dos Bombeiros (080) - (085) e o número de Emerxencias (112)



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

- * En zona urbana o volume de combustible da cacharela non sobrepasará os 3 metros de perímetro, nin 1 metro de altura, en zona rural o volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 5 metros de perímetro/diámetro nin 3 metros de altura.
- * A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
- * Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- * Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, escumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico. En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- * No suposto de que a fogueira se faga sobre terreos de uso público de lousa, as persoas organizadoras encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de area de, cando menos, 10 cm.
- * Ao finalizar a cacharela, e antes de abandonar o lugar da mesma, as persoas responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas e comprométense a retirar do lugar da celebración tódolos restos que queden nun prazo máximo de 48 horas.

En Negreira, a _____ de xuño de 2026

Asinado: _____

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán tratados polo CONCELLO DE NEGREIRA, con CIF P1505700C e domicilio en Rúa do Carmen 3, 15830 NEGREIRA (A Coruña) como Responsable do Tratamento e incorporados a correspondente área / departamento á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade de xestionar a mesma. Os datos serán tratados de maneira confidencial e non serán cedidos agás obligación legal. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 e) do RXPD: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello. Os datos persoais que nos proporciona mediante este documento conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@concellodenegreira.es ou a través do Rexistro xeral do Concello de Negreira incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do seu documento nacional de identidade, ou do seu pasaporte ou outro documento válido que o identifique e, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante. Pode obter máis información consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello: <https://concellodenegreira.gal/index.php/es/politica-de-privacidad>

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)